

Hermes & Ateneia

Nº 128

XORNAL GALEGO DE CULTURA E DEPORTES

Xuño 2023 - 2€



“TV Encontro internacional de cerámica de Nigrán”

Pax.:XVI



**CONSTRUCCIONES
NIETO**
687 612 774 · 677 513 604
info@nietoconstrucciones.com



Añ de bolez celtar
LUME NOS CÚS
Soutomaioir
Lourido S/N

The bar



Rúa Meixón Frío, 7
Redondela

IV Encontro Internacional de cerámica de Nigrán

Cultura Milenaria México

O obxecto do encontro é facermos o que os xaponeses chaman “Kokoro”: Compartir corazóns

Falamos con Emilia Guimeráns, directora do Encontro e mestra da Escola Municipal de Cerámica de Nigrán, a escola de cerámica máis antiga de Galicia.



Como xurdiu a organización destes Encontros Internacionais de Cerámica en Nigrán?

As circunstancias da vida poñen as posibilidades ao teu alcance, tendo neste caso a motivación de achegar o coñecemento doutras formas de sentir e facer de culturas diferentes á nosa.

O I Encontro Internacional de Cerámica de Nigrán “Xapón preto de ti” xurdiu

dunha estancia de traballo en Sugitani (Tokoname). Os ceramistas Atsuko Ito e Wali Hawes convidáronnos a facer unha exposición en Tokoname, daquela convivencia xurdiu a idea que en xaponés chaman Kokoro (compartir corazóns).

Por que retomades a organización despois de tanto tempo?

O tempo é relativo, as cousas fanse

cando as circunstancias o facilitan e non por obriga. Neste novo encontro, digamos que, como se adoita dicir, as estrelas aliñáronse de novo.

Por que México?

É outra gran cultura, rica, diversa, chea de cores en todos os sentidos e que aínda hoxe segue conservando a súa sabedoría ancestral tremendamente atractiva nestes tempos da era dixital, especialmente aquí en Europa.

Como esta a ser a resposta a dito encontro?

A resposta dos interesados en participar é moi alentadora, polo momento xa están completas as matriculas de dous dos 4 obradoiros que son Obradoiro “Ao redor do Xaguar” impartido por Juana Gómez e o obradoiro “O trazo ancestral” impartido por Tomas Esparza.

Quedan aínda dous obradoiros máis

por completar, que son o Obradoiro “Alebrixis Zoomórficos Fantásticos” (cartonería mexicana) impartido por Alejandro Camacho e o Obradoiro “Xoguetes do pasado ao presente” impartido por Miriam Salgado.

Explicar que os encontros se realizan de forma simultánea, traballando mañá e tarde toda a se-

mana no mesmo centro, co que os participantes só poderán traballar nun dos obradoiros pero terán a posibilidade de ver o desenvolvemento do resto dos obradoiros, ampliando así o intercambio de coñecementos e experiencias entre todas as persoas que se matriculan.

Que destacarías desta reunión fronte ás anteriores?

De momento gustaríanos agardar a que se celebre este novo encontro que será do 17 ao 22 de xullo de 2023, para poder contestar, pero gustaríanos que reinase entre os participantes a mesma ilusión de traballo que houbo en anteriores reunións.

Ligazón para coñecer máis sobre o IV Encontro Internacional de Cerámica de Nigrán

<https://culturamilenariamexico.wordpress.com>


Horta Fresca
Tenda ecolóxica

Rúa Damas Apostólicas, 13.
A Ramallosa (Nigrán) T. 986 352 675
ecotenda@hortafresca.eu

INMOBILIARIA VAL MIÑOR

Tlf. 986.369.976 - Móvil: 620.971.793

Inmovalminor@inmovalminor.com

Avd. de Elduayen, 22 baixo. 36380-Gondomar

Síguenos en



www.inmovalminor.com

confecciones

Juan Domínguez

ELDUAYEN, 7 - GONDOMAR

986 360 183

ofillodejuan@telefonica.net



Parafarmacia
Sousa
Seguenos en f i

Especialistas
en canastillas
C/ otero
pedralo, 3
986 905 155

Agora tamén en Nigrán

CC Nasas

Rúa das pontes num 2